

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**5209** *Orde HAP/800/2014, do 9 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre sistemas de identificación e autenticación por medios electrónicos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Orde HAC/1181/2003, do 12 maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, regula por primeira vez os sistemas de sinatura electrónica que, conforme a lexislación vixente daquela, podían usar os cidadáns na súa relación coa Axencia.

Con posterioridade, a disposición derradeira décima da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dispón que, no ámbito de competencias do Estado, o ministro de Facenda poderá ditar as correspondentes normas de desenvolvemento aplicables ás actuacións e aos procedementos tributarios que se realicen por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos e ás relacionadas cos medios de autenticación utilizados pola Administración tributaria.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, dispón no seu artigo 13 que as administracións públicas admitirán, nas súas relacións por medios electrónicos, sistemas de sinatura electrónica que sexan conformes co establecido na Lei 59/2003, do 19 decembro, de sinatura electrónica, e resulten adecuados para garantir a identificación dos participantes e, se for o caso, a autenticidade e integridade dos documentos electrónicos. A expresión administracións públicas abrangue na lei non só as administracións públicas matrices, como a Administración xeral do Estado, senón tamén as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas, entre as cales se encontra a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Así mesmo, establécense importantes regras respecto tanto da identificación e autenticación dos cidadáns, concepto definido pola propia lei nun sentido amplo que abrangue as persoas físicas e xurídicas así como as entidades sen personalidade ás cales o ordenamento xurídico recoñeza capacidade xurídica autónoma, como da identificación electrónica das administracións públicas e autenticación do exercicio da súa competencia. Ademais, cómpre ter en conta determinadas previsións contidas no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 20 de xullo, así como o disposto no Real decreto 1671/2009, do 6 novembro, que desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Faise necesario, por tanto, adaptar a normativa reguladora dos sistemas de sinatura electrónica aceptados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ao novo marco normativo.

Por outra parte, é importante destacar que na citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, se establece como principio xeral de aplicación ás relacións electrónicas cos cidadáns o de proporcionalidade, en virtude do cal só se exixirán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e circunstancias dos distintos trámites e actuacións.

Da normativa citada tamén hai que destacar que o artigo 21.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e o artigo 25 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente esta lei, se refiren a unha plataforma de verificación do estado de revogación de todos os certificados admitidos no ámbito das administracións públicas que será de libre acceso por parte de todos os departamentos e administracións. Todo isto sen prexuízo de que cada administración pública poida dispor dos mecanismos

necesarios para a verificación do estado de revogación e a sinatura cos certificados electrónicos admitidos no seu ámbito de competencia.

Finalmente, a disposición adicional terceira da mencionada Lei 59/2003, do 19 de decembro, admite a expedición de certificados electrónicos ás entidades sen personalidade xurídica previstas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, para os únicos efectos da súa utilización no ámbito tributario, nos termos que estableza o ministro de Facenda. O desenvolvemento desta disposición legal realizouse a través da Orde EHA/3256/2004, do 30 de setembro, que, axustándose á previsión legal, dispuxo que os certificados regulados nela unicamente se poderán utilizar nas comunicacións e transmisións de datos por medios electrónicos, informáticos e telemáticos no ámbito tributario. O artigo 15.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, sinala que os certificados electrónicos expedidos a entidades sen personalidade xurídica, previstos na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, poderán ser admitidos polas administracións públicas nos termos que estas determinen. Na presente orde ministerial mantense expresamente a vixencia da Orde EHA/3256/2004, do 30 de setembro, antes citada.

A habilitación normativa conferida ao ministro de Facenda débese entender conferida ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

En consecuencia, e en virtude das atribucións que teño conferidas, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## Artigo 1. *Formas de identificación e autenticación.*

1. A Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, Axencia Tributaria) admitirá nas súas relacións por medios electrónicos, nos termos establecidos na presente orde ministerial, sistemas de sinatura electrónica que sexan conformes co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e na normativa de desenvolvemento, e que resulten adecuados para garantir a identificación e autenticación dos cidadáns ou administracións públicas e, se for o caso, a confidencialidade das comunicacións electrónicas e a autenticidade, integridade e non repudio dos documentos electrónicos.

En particular, a Axencia Tributaria observará o disposto na política de sinatura electrónica e certificados da Administración xeral do Estado, publicada mediante Resolución do 29 de novembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, de conformidade cos artigos 24 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño; 18 do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e 33 do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica.

2. En virtude do principio de proporcionalidade recollido no artigo 4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, os sistemas de identificación e autenticación descritos na presente orde ministerial ofrecerán as garantías e medidas de seguridade adecuadas á natureza e ás circunstancias dos trámites e actuacións para os cales se autorice a utilización daqueles.

3. Serán aceptados pola Axencia Tributaria, nos termos establecidos na presente orde ministerial, o documento nacional de identidade electrónico e os sistemas de sinatura electrónica avanzada baseados en certificados electrónicos que fosen admitidos no ámbito da Administración xeral do Estado, de conformidade co artigo 13.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

4. Se os certificados electrónicos mencionados no parágrafo anterior inclúen límites de uso, do valor das transaccións para as cales se poidan utilizar ou calquera outra circunstancia ou atributo específico do asinante que estableza unha restrición ás relacións xurídico-tributarias, serán rexeitados pola Axencia Tributaria, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte.

A admisión de certificados recoñecidos que inclúan algúns dos límites, circunstancias ou atributos mencionados no parágrafo anterior tendo en consideración as súas restricións de uso requirirá, logo de solicitude da entidade prestadora do servizo de certificación, a aprobación por resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, na cal se concretarán os límites e as condicións en que estes certificados serán aceptados.

5. A verificación do estado de revogación de todos os certificados admitidos realizarase utilizando os servizos ofrecidos na plataforma de validación dos certificados electrónicos e sinatura electrónica, cuxo organismo responsable é o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e no artigo 25 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro.

#### Artigo 2. *Identificación electrónica dos cidadáns e autenticación da súa actuación.*

1. As persoas físicas poderán utilizar, en todo caso, para se relacionaren electronicamente coa Axencia Tributaria, os sistemas de sinatura electrónica incorporados ao documento nacional de identidade.

As persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade xurídica poderán utilizar para se relacionaren electronicamente coa Axencia Tributaria os certificados electrónicos recoñecidos de persoa física, persoa xurídica e de entidade sen personalidade xurídica, respectivamente, admitidos no artigo 1.3.

Cando as administracións públicas se relacionen electronicamente coa Axencia Tributaria sen exercer funcións ou competencias administrativas, poderán utilizar certificados de persoa xurídica nos termos mencionados no presente artigo.

2. A Axencia Tributaria aceptará os certificados recoñecidos de entidade sen personalidade xurídica que fosen expedidos de acordo disposto na Orde EHA/3256/2004, do 30 de setembro, que establece os termos en que se poderán expedir certificados electrónicos ás entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. A aceptación de sistemas de identificación e autenticación distintos da sinatura electrónica avanzada a que se refire o artigo 13.2.c) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, realizarase de conformidade coas disposicións de desenvolvemento a que se refire o artigo 11 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro.

4. A Axencia Tributaria poderá admitir a identificación e autenticación electrónica de cidadáns por funcionarios públicos nas condicións que establezan o artigo 22 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e normativa de desenvolvemento, así como os correspondentes convenios de colaboración que se poidan celebrar a este respecto.

5. Así mesmo, os cidadáns poderanse relacionar electronicamente coa Axencia Tributaria a través de colaboradores sociais ou representantes habilitados ou a través de apoderados para actuaren electronicamente en nome daqueles, para o cal resultará de aplicación o disposto na presente orde ministerial en canto aos sistemas de identificación e autenticación electrónica utilizados por estes representantes.

#### Artigo 3. *Identificación e autenticación electrónica das administracións públicas.*

1. As administracións públicas poderán utilizar, para se relacionaren electronicamente coa Axencia Tributaria, certificados recoñecidos de selo electrónico, como sistema de sinatura electrónica na súa actuación administrativa automatizada, nos termos establecidos no artigo 18 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e normativa de desenvolvemento. Para tal efecto, na sede electrónica da Axencia manterase actualizada a información acerca dos trámites para os cales se admita o dito sistema de sinatura.

2. Así mesmo, a Axencia Tributaria admitirá os sistemas de sinatura electrónica dos empregados dunha administración pública baseados no documento nacional de identidade electrónico, en certificados recoñecidos de empregado público ou en calquera outro certificado recoñecido, para a identificación e autenticación do exercicio da competencia da Administración pública, órgano ou entidade actuante, cando utilice

medios electrónicos, nos termos establecidos no artigo 19 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e normativa de desenvolvemento, en relación cos trámites da sede electrónica para os cales se admitan os ditos sistemas de sinatura. Para tal efecto, na sede electrónica da Axencia manterase actualizada a información acerca dos trámites para os cales se admitan os ditos sistemas de sinatura.

A Axencia Tributaria poderá condicionar a dita aceptación á comunicación previa, por parte de cada administración pública, dos empregados autorizados en cada trámite ou trámites para se relacionaren electronicamente coa Axencia Tributaria a través do sistema de identificación e autenticación mencionado no presente punto.

Artigo 4. *Intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación.*

A Axencia Tributaria intercambiará datos en contornos pechados de comunicación segura con plena validez e eficacia para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores, conforme o disposto no artigo 20 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e normativa de desenvolvemento, e o que, se é o caso, se estableza mediante convenio.

Disposición adicional primeira. *Aplicación supletoria en materia de contratación.*

A identificación e autenticación dos cidadáns e administracións públicas, nas actuacións e procedementos en materia de contratación co sector público levados a cabo pola Axencia Tributaria, rexeráse polo previsto con carácter especial nas normas de contratación co sector público e, supletoriamente, polo previsto na presente orde ministerial.

Disposición adicional segunda. *Facturación electrónica.*

O réxime de identificación e autenticación aplicable ás facturas electrónicas emitidas no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos e as administracións públicas rexeráse polo previsto con carácter especial na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, e nas súas normas de desenvolvemento e, supletoriamente, polo previsto na presente orde ministerial.

Disposición adicional terceira. *Aceptación doutros certificados electrónicos.*

Con carácter excepcional e xustificado, poderán ser aceptados pola Axencia Tributaria certificados electrónicos non recollidos no Esquema nacional de interoperabilidade e na política de sinatura da Administración xeral do Estado. A súa aceptación quedará supeditada á realización das adaptacións nos sistemas informáticos da Axencia Tributaria que posibiliten o seu tratamento.

Disposición adicional cuarta. *Documentos con código seguro de verificación.*

O disposto na presente orde ministerial enténdese sen prexuízo da aceptación, por parte da Axencia Tributaria, de documentos susceptibles de verificación a través dun código seguro de verificación.

Disposición adicional quinta. *Intranet.*

As comunicacións que se realicen mediante o acceso directo aos servizos da intranet da Axencia Tributaria, por parte de empregados públicos doutros organismos, rexeráse pola súa normativa específica.

Disposición adicional sexta. *Remisións normativas.*

As referencias efectuadas en calquera norma á Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria entenderanse realizadas á presente orde ministerial.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos en curso.*

As solicitudes de admisión de certificados electrónicos por parte dos prestadores de servizos de certificación, realizadas directamente á Axencia Tributaria, que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor da presente orde ministerial, serán trasladadas de oficio aos órganos competentes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición transitoria segunda. *Certificados vixentes.*

Os certificados electrónicos admitidos pola Axencia Tributaria conforme o disposto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, manterán a súa validez e eficacia sempre que o prestador de servizos de certificación se encontre incluído na relación de prestadores de servizos de certificación admitidos publicada polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. No sucesivo quedarán suxeitos ao disposto na presente orde ministerial.

Aqueles certificados que non cumpran o disposto no punto anterior deberanse adaptar ao establecido na presente orde ministerial no prazo máximo de seis meses, contado desde a súa entrada en vigor, transcorrido o cal xa non serán admitidos pola Axencia Tributaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

1.º Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2.º Aqueloutras disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde ministerial.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de maio de 2014.–O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.